

<b>Rama de coñecemento</b>	Arte e humanidades
<b>Prazas ofertadas</b>	28
<b>Créditos ECTS totais</b>	60
<b>Créditos ECTS do traballo de fin de mestrado</b>	6
<b>Presencialidade</b>	Presencial
<b>Universidades participantes</b>	Universidade de Vigo

## Descrición

O «Máster universitario en arte contemporánea. Creación e Investigación» consta dunha dobre orientación académica e investigadora: académica no sentido de potenciar as competencias inherentes á creación e á produción artística en todas as súas variantes; investigadora en relación coa formación de estudantes cuxo obxectivo sexa continuar a súa formación en programas de doutoramento.

Os contidos, obxectivos e métodos do mestrado están orientados cara a saídas profesionais heteroxéneas en consonancia coa demanda e a realidade social. Apostamos por unha perspectiva interdisciplinaria que lle permita ao estudantado adquirir unha formación polivalente e versátil para desenvolverse en actividades relacionadas coa creación plástica en todas as súas modalidades creativas, a imaxe e os audiovisuais (deseño gráfico, videográfico, infográfico, páxinas web...), así como coa difusión e a transmisión da arte (comisariado, xestión cultural, dirección artística, gabinetes pedagóxicos...). En definitiva, toda unha gama de opcións que lle acreditan ao «Máster universitario en arte contemporánea. Creación e investigación» como un laboratorio creativo, vivo e atento á totalidade.

## Perfil de ingreso recomendado

Aínda que as persoas licenciadas e graduadas universitarias en Belas Artes terán prioridade sobre o resto das/os solicitantes, o mestrado está destinado a quen teña un título universitario procedente do ámbito das humanidades (Historia da Arte, Filosofía, Comunicación Audiovisual, Humanidades...) e arquitectos/as que desexen acceder ao mundo da arte contemporánea nas súas vertentes teórica ou práctica, ou ao campo da investigación.

Non obstante, a comisión académica valorará as solicitudes con títulos pertencentes a outras ramas.

## Saídas profesionais

(Profesionais polivalentes capaces de integrarse en campos de traballos interprofesionais)

- Artista plástico
- Dirección artística
- Comisariado
- Coordinación de exposición
- Dirección artística
- Xestión cultural

## Máis información

Coordinadora	Ann Heyvaert
Páxina web do mestrado	<a href="http://www.belasartes.uvigo.es/bbaa/index.php?id=168">http://www.belasartes.uvigo.es/bbaa/index.php?id=168</a>
Páxina web do centro	<a href="http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/pontevedra/belas_artes.html">http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/pontevedra/belas_artes.html</a>
Código RUCT	4312600
Enlace ao RUCT	<a href="https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&amp;codigoTipo=M&amp;CodigoEstudio=4312600&amp;actual=estudios">https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&amp;codigoTipo=M&amp;CodigoEstudio=4312600&amp;actual=estudios</a>
Teléfono	
Enderezo electrónico	master.arte@uvigo.es